

ACTA DA DÉCIMOITAVA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES POR VÍA TELEMÁTICA:

POLA XUNTA DE GALICIA:

Manuel Rodríguez Vázquez - Director Xeral de Defensa do Monte
Francisco Javier Turrillo Montiel – Xefe da área técnica do servizo de actuacións preventivas
Lourdes Vilachán Angueira - Subdirectora Xeral de Coordinación Administrativa

POLA FEGAMP:

Alfonso Villares Bermúdez - Vicepresidente primeiro da Fegamp
Lucía González Louro – Técnica de Medio Ambiente da Fegamp

POR SEAGA:

Pablo Arbones Maciñeira - Director xerente de Seaga
Antón Barral Álvarez - Licenciado en Dereito Seaga

Sendo as 10.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021, réunese por vía telemática a Comisión de Seguimento do Convenio previamente citados baixo a seguinte:

ORDE DO DÍA

I.- Modificación da composición da comisión de seguimento

II.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 19 de novembro de 2020

III.- Resumo das actuacións desenvoltas ata a data

IV.- Aprobación, se procede, das novas solicitudes de adhesión ao Convenio

CÓD. PROV	CONCELLO
15	AS PONTES

V.- Balance das solicitudes formuladas ou ampliadas ata a data polos concellos adheridos para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria, de ata 10 ha por concello e ano. Aprobación, se procede, das novas solicitudes recibidas.

VI.- Presentación e aprobación, se procede, das solicitudes dos concellos adheridos para levar a cabo actuacións de xestión de biomasa nas vías de titularidade municipal de ata 10 km por concello e ano

VII.- Presentación e aprobación, se procede, das solicitudes de iniciativas estratéxicas formuladas ata o momento

VIII.- Presentación e aprobación, se procede, das solicitudes de iniciativas veciñais formuladas ata o momento

IX.- Rogos e preguntas



Aberta a sesión polo Presidente, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Por cambios na Dirección Xeral de Defensa do Monte modifícase a titularidade da presidencia da Comisión, sendo o novo titular Manuel Rodríguez Vázquez, Director Xeral de Defensa do Monte.

II.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 19 DE NOVEMBRO DE 2020

Unha vez revisada a acta pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, e realizadas as modificacións oportunas, procédese á aprobación da mesma, acordándose a súa sinatura por medios telemáticos, pola Secretaria da Comisión e o Presidente, e o seu posterior envío aos restantes membros da Comisión.

III.- RESUMO DAS ACTUACIÓNS DESENVOLTAS ATA A DATA

Informa o xerente de Seaga da situación actual das actuacións do convenio, segundo o informe remitido xunto coa convocatoria da comisión.

0) ADHESIÓNS: 268 Concellos adheridos

PROVINCIA	Nº ADHESIÓNS
Coruña	77
Lugo	53
Ourense	87
Pontevedra	51

1) PLANIFICACIÓN:

Situación a 19/01/2021:

ESTADO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Entregado	66	36	70	38	210
Elaborado	5	7	6	4	22
En elaboración	2	6	5	7	20
Pendente	4	4	6	2	16
Total	77	53	87	51	268



Situación a 31/12/2020:

ESTADO	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Aprobado definitivamente	31	21	43	12	107
Informe favorable enviado	10	5	11	8	34
Pendente	25	10	16	18	69
Total	66	36	70	38	210

2) VISOR:

Os 210 plans entregados teñen o visor operativo e os Concellos teñen acceso ao mesmo mediante contrasinal. No caso dos 22 plans elaborados e pendentes de entrega está pendente a mesma da remisión por parte do IET das claves de acceso.

Ten que valorarse por parte da comisión a data de apertura ao público dos plans aprobados definitivamente. Os presentes na reunión coinciden en que é fundamental a apertura a público do visor pola transparencia que iso supón e polas vantaxes que implica, aínda que supoña un esforzo adicional por parte das entidades públicas implicadas.

3) XESBIO:

A aplicación Xesbio2 está completamente operativa para revisións, publicacións, notificacións e contratos. A parte de xestión económica e cadro de mando está actualmente en desenvolvemento.

Con data 26 de xaneiro comunican que está a disposición dos usuarios no contorno de probas a integración da aplicación co visor e con Pasaxe.

4) PARROQUIAS PRIORIZADAS:

Superficies calculadas automaticamente dos plans:

Ano 2019	Concellos	Parroquias	Superficie
Coruña	7	14	1.588,35
Lugo	8	17	1.012,68
Ourense	15	29	1.085,94
Pontevedra	5	10	1.131,34
Total	35	70	4.818,31



Ano 2020	Concellos	Parroquias	Superficie
Coruña	11	16	1.334,55
Lugo	7	10	387,61
Ourense	19	45	2.275,81
Pontevedra	9	16	1.304,76
Total	46	87	5.302,73

De cara a priorización no ano 2021 terían que incluírse automaticamente as parroquias nas que se produza a situación operativa 2.

Ademais a comisión terá que decidir entre incrementar as priorizacións na anualidade 2021 ou manter as que xa están e as automáticas que poidan producirse.

5) REVISIÓNS DO ESTADO DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS DE XESTIÓN:

Unha vez axustadas ás superficies e introducidas as modificacións nos plans das parroquias priorizadas, o resultado das revisións de cumprimento das obrigas de xestión de biomasa é o seguinte:

ESTADO	PARCELAS		Superficie	
	Nº	%	ha	%
Xestionado	109.573	61,24%	5.968	59,81%
Non xestionado	69.341	38,76%	3.892	39,01%
Revisado	178.914		9.978	

A intención nesta anualidade sería realizar en primavera as revisións do 2021 (das novas priorizacións e das dos anos anteriores) e falar cos concellos para que axuden mediante bandos e comunicacións previas a conseguir actuacións voluntarias de xestión de biomasa e firma de contratos de xestión con Seaga.

6) NOTIFICACIÓNS E PUBLICACIÓNS:

Ano 2019:

No ano 2019 xeráronse preto de 17.000 notificacións a particulares correspondentes a 17 concellos e preparáronse 34.000 publicacións de 23 concellos. O resultado non tivo éxito por os seguintes motivos:

- A maioría dos concellos non quixo remitir notificacións
- As direccións incluídas inicialmente en Xesbio non estaban completas (eran datos procedentes do catastro) polo que máis da metade non chegaron aos seus destinatarios



- A maioría dos concellos só quixo remitir publicacións para as fincas de titulares descoñecidos

Ano 2020:

Ante os resultados do 2019 na anualidade 2020 introduciuse a preparación previa e remisión dos contratos aos titulares de fincas non xestionadas para fomentar a adhesión voluntaria.

Ademáis, para mellorar a recepción das notificacións, cruzáronse os datos do catastro cos datos do INE para conseguir maior fiabilidade.

Os documentos que potencialmente poderían xerarse a través de Xesbio2 serían os seguintes:

Documentos	Parcelas	Superficie	Rexistros
Notificacións	63.201	3.657,87	83.833
Publicacións	6.140	352,78	6.140

Ano	Titulares catastrais	Direccións completas INE	Direccións incompletas INE	Persoas xurídicas (con CIF)	Pendientes INE
2019	35.874	10.735	6.048	783	18.308
2020	47.959	13.582	8.186	1.430	24.761
Total	83.833	24.317	14.234	2.213	43.069

En canto aos procedementos de publicación de descoñecidos estase estudiando a posibilidade de reclamar as execucións ao Estado para o seu reintegro ao Convenio para futuras execucións, dado que o Estado sería o titular encargado de tutelar esas parcelas. Esta cuestión trasladarase á Asesoría Xurídica para o seu estudo.

Outro problema detectado coa remisión de notificación é o da existencia de parcelas a nome dos Concellos, de entidades públicas, Diputacións, Xunta de Galicia. Ata o momento o tratamento destas propiedades é o mesmo que se dá o resto de parcelas pero sería interesante ver unha fórmula de tratamento conxunto para as mesmas.

7) CONTRATOS:

A 15 de xaneiro asináronse 5.291 contratos correspondentes a 13.757 parcelas que ocupan unha superficie de 736,96 ha

8) EXECUCIÓN DE TRABALLOS:

Os datos a 31 de decembro de 2020 serían os seguintes



TIPO	Nº concellos	Nº parroquias	Nº parcelas	Superficie (ha)
Contratos 1ª fase	46	80	8.159	435,15
Contratos 2ª fase	26	47	1.922	126,15
Subsidiarias	13	22	193	11,88
Subsidiarias 3ª addenda	3	7	47	3,10
Proxectos Piloto	9	9	1.249	34,30
Proxectos Piloto 2ª fase	1	1	135	6,61

9) SOLICITUDES Á COMISIÓN DE SEGUIMENTO:

- Execucións subsidiarias 3ª addenda: 26 notificadas, 1 rexeitada, 9 aprobadas pendentes de notificacións, 4 pendentes de aprobación e 6 solicitudes de 4ª addenda reconducidas a través desta actuación.

- Vías municipais: 80 solicitudes pendentes de aprobación que representan aproximadamente uns 600 quilómetros.

Iniciativas estratéxicas: 6 solicitudes recibidas.

Iniciativas veciñais: 1 solicitude recibida.

10) ACTUACIÓN PREVENTIVAS PROPIAS DA CONSELLERÍA:

- Preparación da primeira fase dos plans preventivos de Distrito

- Preparación e tramitación de PARIs

- Aportación de maquinaria no Plan Preventivo

- Traballos de control de erosión

IV.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na data da celebración da Comisión rexistráronse novas solicitudes de adhesión ao Convenio

Concellos A Coruña (1)
AS PONTES

Admítense as solicitudes de adhesión deste Concellos e acórdase notificar con esta data as resolucións informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas



partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

V.- BALANCE DAS SOLICITUDES FORMULADAS OU AMPLIADAS ATA A DATA POLOS CONCELLOS ADHERIDOS PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓN DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA, DE ATA 10 HA POR CONCELLO E ANO. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NOVAS SOLICITUDES RECIBIDAS.

Na comisión de seguimento do día 17 de setembro de 2020 aprobáronse 26 solicitudes das 27 que se presentaron. A solicitude do Concello de Poio rexeitouse dado que a actuación solicitada non estaba dentro da faixa secundaria.

A notificación destas 26 solicitudes realizouse por rexistro electrónico o día 8 de outubro, tendo constancia da recepción de todas as notificacións agás no caso do Concello de Ortigueira que foi rexeitada por non acceder en prazo e que tería que ser notificada novamente.

Os concellos de Guitiriz e Trabada recibiron unha notificación estimatoria e no caso dos outros concellos quedou a aprobación condicionada ao cumprimento de requisitos ou á acreditación do cumprimento.

Na reunión da comisión de seguimento de data 19 de novembro de 2020 aprobáronse as seguintes actuacións:

- Ampliación de solicitudes de Ames, Monterroso e Riós.
- Novas solicitudes de Carballo, Dodro, Xermade, Vilamarín de Valdeorras, Esgos y Gondomar.

Estas resolucións quedaron pendentes de remisión á espera da decisión a adoptar en relación coas peticións acollidas á 4ª addenda que poden ser reconducidas a través do previsto na 3ª addenda para execucións subsidiarias, e que afectaba aos concellos de Curtis, Moeche, Padrón, Navia de Suarna, Esgos e Quintela de Leirado.

Ata a data da celebración da comisión presentáronse outras solicitudes dos seguintes Concellos: Coruña, Catoira e Mondariz; e a ampliación da solicitude do Concello de Ourense.

Unha vez valoradas todas estas consideracións a comisión procede a adoptar os seguintes acordos:

1º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que cumpran cos requisitos da Instrución 1/2018.

2º Aprobar as solicitudes/ampliacións presentadas que non cumpran estes requisitos condicionando a súa aprobación á emenda ou acreditación dos mesmos.



3º Aprobar a tramitación por este procedemento das solicitudes dos concellos que pediron execucións subsidiarias a través da cuarta addenda, sempre que cumpran os requisitos da Instrución 1/2018.

4º Encargar a Seaga que prepare as correspondentes notificacións para os concellos.

VI.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DOS CONCELLOS ADHERIDOS PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS VÍAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DE ATA 10 KM POR CONCELLO E ANO

Preséntanse ante a Comisión as solicitudes recibidas ata o momento para actuacións de xestión de biomasa nas vías de titularidade municipal que se recollen na seguinte táboa

PROVINCIA	CÓDIGO INE	CONCELLO	km totais	Concello ZAR / NON ZAR
A Coruña	15001	Abegondo	2,40	ZAR
A Coruña	15002	Ames	7,13	ZAR
A Coruña	15007	A Baña	10,00	ZAR
A Coruña	15008	Bergondo	9,99	NON ZAR
A Coruña	15015	Cabanas	9,97	NON ZAR
A Coruña	15016	Camariñas	2,99	ZAR
A Coruña	15020	Carnota	9,82	ZAR
A Coruña	15021	Carral	8,44	NON ZAR
A Coruña	15028	Corcubión	2,83	NON ZAR
A Coruña	15033	Dodro	9,40	ZAR
A Coruña	15038	Frades	10,02	NON ZAR
A Coruña	15049	Moeche	9,98	NON ZAR
A Coruña	15057	Noia	6,26	ZAR
A Coruña	15061	Ortigueira	8,95	NON ZAR
A Coruña	15077	Santa Comba	9,98	ZAR
A Coruña	15068	Ponteceso	9,42	ZAR
A Coruña	15082	Teo	9,76	ZAR
A Coruña	15083	Toques	7,80	ZAR
A Coruña	15087	Valdoviño	9,70	ZAR
A Coruña	15092	Vimianzo	8,09	ZAR
Lugo	27034	Navia de Suarna	9,98	ZAR
Lugo	27035	Negreira de Muñiz	11,27	NON ZAR
Lugo	27037	As Nogais	9,80	NON ZAR
Lugo	27041	Pantón	8,78	NON ZAR
Lugo	27042	Paradela	9,92	NON ZAR
Lugo	27044	A Pastoriza	9,98	NON ZAR
Lugo	27051	Ribadeo	7,89	NON ZAR
Lugo	27053	Ribeira de Piquín	8,37	NON ZAR
Lugo	27059	Sober		NON ZAR
Lugo	27061	Trabada	10,00	NON ZAR
Ourense	32003	A Arnoia	6,79	NON ZAR
Ourense	32004	Avión	6,04	ZAR
Ourense	32007	Baños de Molgas	6,60	ZAR
Ourense	32008	Barbadás	10,00	NON ZAR
Ourense	32009	O Barco de Valdeorras	9,59	ZAR



Ourense	32017	Carballeda de Valdeorras	9,93	ZAR
Ourense	32018	Carballeda de Avia	9,98	ZAR
Ourense	32019	O Carballiño	9,63	ZAR
Ourense	32026	Coles	9,93	NON ZAR
Ourense	32040	Leiro	8,32	NON ZAR
Ourense	32043	Maceda	10,00	ZAR
Ourense	32044	Manzaneda	9,92	ZAR
Ourense	32046	Melón	10,00	ZAR
Ourense	32049	Montederramo	6,94	ZAR
Ourense	32051	Muíños	10,00	ZAR
Ourense	32053	Oímbra	9,64	ZAR
Ourense	32055	Paderne de Allariz	9,50	NON ZAR
Ourense	32057	Parada de Sil	9,68	NON ZAR
Ourense	32058	O Pereiro de Aguiar	5,68	ZAR
Ourense	32059	A Peroxa	9,27	NON ZAR
Ourense	32060	Petín	9,97	ZAR
Ourense	32061	Piñor	7,24	ZAR
Ourense	32063	A Pobra de Trives	8,00	ZAR
Ourense	32065	Punxín	4,24	NON ZAR
Ourense	32066	Quintela de Leirado	5,70	ZAR
Ourense	32070	San Xoán de Río	7,90	ZAR
Ourense	32071	Riós	7,93	ZAR
Ourense	32072	A Rúa	9,99	NON ZAR
Ourense	32074	San Amaro	10,00	NON ZAR
Ourense	32076	San Cristovo de Cea		ZAR
Ourense	32080	A Teixeira	9,95	ZAR
Ourense	32084	Verea	10,00	ZAR
Ourense	32088	Vilamartín de Valdeorras	9,97	NON ZAR
Ourense	32092	Vilariño de Conso	9,95	ZAR
Pontevedra	36001	Arbo	4,46	ZAR
Pontevedra	36007	Campo Lameiro	9,73	NON ZAR
Pontevedra	36009	A Cañiza	9,91	ZAR
Pontevedra	36010	Catoira	7,80	ZAR
Pontevedra	36013	O Covelo	10,00	ZAR
Pontevedra	36014	Crecente	10,02	ZAR
Pontevedra	36019	Fornelos de Montes	10,00	ZAR
Pontevedra	36021	Gondomar	7,75	ZAR
Pontevedra	36023	A Guarda	1,78	ZAR
Pontevedra	36026	Marín	9,67	ZAR
Pontevedra	36034	As Neves	8,24	ZAR
Pontevedra	36036	Oia	7,74	ZAR
Pontevedra	36037	Pazos de Borbén	9,80	ZAR
Pontevedra	36042	Ponteareas	9,82	ZAR
Pontevedra	36043	Ponte Caldelas	8,63	ZAR
Pontevedra	36050	Salvaterra de Miño	9,60	ZAR

Os concellos indicados en vermello corresponden con vías que non cumpren cos requisitos establecidos pola Comisión, polo que tras a súa valoración son rexeitadas esas peticións polos membros da mesma; aínda así acórdase falar cos concellos por se a actuación que pretenden pode reconducirse por algunha outra figura do convenio na anualidade 2021 ou para que poidan solicitar outros puntos quilométricos para esta actuación.



Os concellos en cor azul serían aqueles que fixeron a súa solicitude a través da 4ª addenda pero que terían mellor cabida no recollido na 3ª addenda.

En canto aos carteis e modelos de cartas, trasladados segundo o acordo da derradeira comisión ante os servizos xurídicos, polo momento non temos a resposta definitiva xa que a asesoría xurídica manifesta dúbidas respecto á conveniencia do seu uso.

Pendientes desta resposta definitiva por parte dos servizos xurídicos, en relación co procedemento a seguir para a comunicación aos responsables por vía cartel, bando, notificación ou publicación, a comisión aproba as solicitudes e os traballos de xestión de biomasa correspondentes nas vías de titularidade municipal, para poder iniciar e planificar os traballos en coordinación cos Concellos solicitantes. Tamén aproba tramitar por este procedemento as solicitudes da 4ª addenda que teñan cabida no mesmo.

VII.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SOLICITUDES DE INICIATIVAS ESTRATÉXICAS FORMULADAS ATA O MOMENTO

Ata o momento mostraron interés en solicitar iniciativas estratéxicas os concellos de Bergondo, Carnota, Carral, Neda, Trabada, Boborás e Oímbra.

Estas iniciativas terían que cumprir cos requisitos recollidos na terceira addenda e formalizar solicitude de incorporación ao Banco de Terras polos responsables coñecidos de, canto menos, o 70% da superficie da faixa que precise de xestión de biomasa.

Este requisito presenta problemas para os concellos derivados da dificultade de abordar o tema das incorporacións ao Banco de Terras cos veciños coa situación actual de restricións. Salvo o concello de Carnota todos os solicitantes pediron que se deixara sen efecto polo momento a súa petición da iniciativa estratéxica.

En canto ao Concello de Carnota, están interesados en tramitar a solicitude da iniciativa estratéxica nos núcleos de Carballedal (Lira) e Rates (Lira), aínda que son conscientes da dificultade de conseguir a porcentaxe de incorporación que pide a 3ª addenda.

Polo momento continúan traballando en conseguir as incorporacións polo que a súa solicitude neste intre non pode ser aprobada, quedando posposta a súa aprobación a que consigan cumprir os requisitos previstos para as iniciativas.

VIII.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DA SOLICITUDES DE INICIATIVAS VECIÑAIS FORMULADAS ATA O MOMENTO

Ata o momento unicamente presentouse a solicitude de iniciativa veciñal da Asociación Xueresianos/Geresianos "AXUGE" do Concello de Lobios das 25 que estaban previstas como límite para a anualidade 2020 segundo a 3ª addenda do convenio.



Esta iniciativa solicita material para colaborar na limpeza e adecuación das faixas secundarias e axuda para a organización de actividades de concienciación da necesidade dunha correcta xestión nas faixas secundarias.

Logo da valoración por parte da comisión da iniciativa presentada procédese a:

1º Aprobar a iniciativa presentada condicionada á presentación completa da documentación exigida pola 3ª addenda a ao cumprimento dos seus requisitos.

2º Solicitar a Seaga que contacte co Concello de Lobios para requirir esa documentación.

3º Dar publicidade á dita iniciativa para que outros concellos poidan solicitar iniciativas similares mediante unha xornada de difusión ou instrumento similar.

IX.- ROGOS E PREGUNTAS.

Coméntase a posibilidade de incluír dentro dos plans formativos propios (tanto da Xunta como da Fegamp) formación nas aplicacións Xesbio2 e XesbioApp.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 11:30 horas da data sinalada no encabezamento.

